



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO

E-mail: correo@boimorto.es

Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

Web: www.concellodeboimorto.es



REBECA VÁZQUEZ VÁZQUEZ SECRETARIA-INTERVENTORA DO CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA).

CERTIFICO:

Que a Alcaldesa con data dezaseis de xuño de dous mil dezaseis, ditou o Decreto que deseguido se transcribe literalmente:

<<

Decreto: 208 / 2016

Data decreto: 16/06/2016

Descrición decreto: Nomeamento persoal laboral temporal socorrista para a piscina municipal a 40 horas semanais subvencionado pola Xunta de Galicia.

DONA MARÍA JESÚS NOVO GÓMEZ ALCALDESA PRESIDENTA DO CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Vista a proposta de nomeamento dun socorrista para a piscina municipal a 40 horas semanais como persoal laboral temporal, subvencionado pola Xunta de Galicia, de acordo coas bases da convocatoria do Decreto 171/2016, e segundo consta na acta da Comisión seleccionadora deste persoal laboral temporal de data 15/06/2016.

Esta Alcaldía no uso das atribucións outorgadas legalmente no marco das competencias da Alcaldía sinaladas no artigo 21 da Lei 7/1985 de bases do réxime local polo presente **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Nomear como socorrista a Alfonso Félix Novo Sandá con DNI 46909006T.

Condicionase a formalización do contrato en aplicación da base quinta á presentación polo interesado da seguinte documentación:

- Certificado médico oficial acreditativo de non padecer enfermidade ou minusvalía que impida exercer a función propia a desenvolver.
- Declaración xurada de non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública nin atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.
- Declaración de non estar incurso en causa de incompatibilidade segundo o disposto na Lei 53/1984 de 26 de decembro.

SEGUNDO.- Notificar persoalmente o presente decreto ao seleccionado indicado no apartado anterior así como publicar no taboleiro de anuncios do concello e na páxina web este decreto aos efectos oportunos, e comunicar aos servizos administrativos para que se tramite, presentada a documentación requirida, a alta do traballador na seguridade social e se asine e rexistre o contrato con efectos de alta o 20/06/2016.

O manda e asina a Sra. Alcaldesa, D^a. María Jesús Novo Gómez en Boimorto dezaseis de xuño de dous mil dezaseis do que, como secretaria asino aos unicos efectos de dar fe.

A Alcaldesa - Presidenta

Perante min, a secretaria

Asdo.- María Jesús Novo Gómez

Asdo.- Rebeca Vázquez Vázquez>>

E para que conste onde proceda, expido a presente certificación, de orde e co visto e prace da Sra. Alcaldesa, en BOIMORTO, a 16 de xuño de 2016



Asdo.- María Jesús Novo Gómez

